



Concello
de Pontevedra

Pontevedra poética

PASEO SOBRE A HISTORIA
DA POESÍA NO CONCELLO



“**Pontevedra poética. Paseo sobre a historia da poesía no concello**” forma parte do proxecto do Concello de Pontevedra, [Pontevedra \(d\)escrita](#), que quere dar a coñecer a Pontevedra literaria como un espazo vivo. Así, pretende rachar coas visións monolíticas da literatura e visibilizar a diversidade de voces da Boa Vila.

Deseñado no ano 2025 por [Maos Innovación Social, S. Coop. Galega](#), o percurso ofrece unha visión global sobre a relación entre o concello e a **poesía en lingua galega** a través de **nove espazos singulares** co obxectivo de resumir unha intensa historia que comezou xa no século XIII con Paio Gomes Charinho. Nomes como os de Sarmiento, Amado Carballo e Aurora Vidal van neste paseo da man da colección Benito Soto, Filomena Dato ou Francisco Cortegoso, sen esqueceremos a pegada da poesía oral popular ou visitas ilustres.

1. Convento de San Francisco.	3
2. Colexio da Compañía de Xesús. Rúa Sarmiento.	4
3. Imprenta de José y Primitivo Vilas. Rúa Isabel II, nº 4.	5
4. Casa do Arco. Praza Méndez Núñez.	6
5. Imprenta Peón. Praza do Teucro.	7
6. Teatro Principal. Rúa Paio Gomes Charinho.	8
7. Gráficas Torres. Rúa Don Filiberto.	10
8. Ruínas de San Domingos.	11
9. Praza de San Xosé. Café Moderno.	12



I. Convento de San Francisco.

Bo día, benvidos ao paseo 'Pontevedra poética', actividade desenvolvida dentro do proxecto 'Pontevedra (d)escrita'. Un paseo non dá para un repaso exhaustivo, así que delimitamos a nosa ambición centrándonos na poesía en galego. Este percorrido é só un conxunto de pistas que pretenden dar unha visión global da historia da relación entre Pontevedra e a poesía.

Comecemos por pechar os ollos e imaxinarnos no século XIII. Abrímolos e estamos na pequena Ponte Veteri, a quen Afonso X¹ acaba de renovar o foro de cidade e que gaña concesións como a do monopolio da fabricación de saín²e da cura do peixe. Amplíase a muralla e chegan as ordes mendicantes de franciscanos, dominicos e clarisas. Aos franciscanos cede predios e privilexios **Paio Gomes Charinho** (1248-1295), que é quen nos trae aquí. Paio é un aristócrata que traballa para a realeza e desempeña cargos importantes, o cal implica riscos, de feito é asasinado durante unha entrevista entre dous infantes. Anos despois é sepultado coa súa esposa, Maria Geraldés Maldonado, neste convento de San Francisco. Sonlle atribuídas nos cancioneros medievais 28 cantigas en galego-portugués, sobre todo de amor, nas que destaca o tema mariño.

Rexoubemos un pouco: O asasino de Paio, o seu parente Rui Pérez de Tenorio³, tiña as súas orixes en Tenorio, Cotobade. Na igrexa de Tenorio, resgardaríase 400 anos máis tarde un tal **Perucho**, un neno asustado que toparon dúas monxas no regato de Santa Margarida cando fuxían da cidade ante o anuncio do ataque dos ingleses, os cales viñan de queimar a flota de Vigo. O neno Perucho protagonizará a seguinte parada.

Antes, retornemos a este convento. A súa historia é ben longa. Haberá quen a lembre como delegación de facenda, mais foi tamén a primeira sede da Deputación e aquí estiveron os bombeiros até 1978. Por ser, foi tamén escenario da batalla das tropas de Vigo contra Pontevedra en 1840 por algo relacionado coa rivalidade por ser capital da provincia. É unha historia longa mais deixamos aí a pista para quen a quixer investigar.

Vaiamos agora ao Colexio da Compañía de Xesús. Iremos dos franciscanos aos xesuítas. Polo camiño recomendámosche ouvir a cantiga "As froles do meu amigo" de Charinho da man do Grupo de Música Antiga Meendinho [[aquí](#)].

1 En 1264. O foro fora outorgado en 1169 por Fernando II.

2 Aceite de graxa de peixe.

3 Irmán doutro trovador, Men Rodriguiz Tenoiro, nado en Castela.



2. Colexio da Compañía de Xesús. Rúa Sarmiento.

O neno Perucho, máis coñecido como **frei Martín Sarmiento**, pasou a infancia e parte da mocidade en Pontevedra. Estudou neste Colexio e, despois, no mosteiro de Lárez. É un dos pais da filoloxía galega. Aínda que se dicía “non poeta”, escribiu 1200 coplas en galego! Inspirouse nas conversas e cantos de 25 persoas reunidas no Chan da Parafita, en Marcón, que cita polo nome, como Bras de Montecelo ou Lucía da Esculca. Perucho responsabiliza o poeta e labrego Marcos da Portela, de Monte Porreiro, de pór en copras o que alí ouviu, como isto sobre o mercado dos sábados:

*“Na vila é costume, / dempois que a coñezco, / que os sábados todos / do ano e arreo
se faga um mercado / mercando e vendendo / mil cousas do uso / con muito comenzo
de olas, de potes, / de asados, pucheiros, / de pratos, cazalas, / picheles e petos,
angazos e rodros, / rebolos e eixos, / de rocas, de fusos, / de trouzos, sarelos,
de polas e polos, / de lebres, coelhos, / de pitas e ovos, / de veces son frescos;
marràs, vacuriños, / años e carneiros, / c’apòs e cabirtos, / e todo a bom prezo (...)”*

É unha “poesía hórreo”, onde salvagardar o rico léxico do galego, a lingua do pobo, a que xa non se escribía nin lía xa que estamos nos Séculos Escuros, que van do séc. XVI ao XIX, o proceso político de eliminación do galego do uso formalizado e da escrita. Legalmente isto foi así até a Constitución de 1978. A que si estaba ben viva, e aínda está, foi a creación poética oral, e Sarmiento foi o seu primeiro compilador.

Por certo, a Pontevedra de Perucho estaba en decadencia, a que fora a mediados do s. XVI a cidade galega máis poboada, reduciu no XVIII a poboación á metade por epidemias e pola perda de calado do río Lárez, que impide entrar no porto barcos de grande tonelaxe e reduce a pesca. Por contra, iso impediu o corsario Drake de chegar e saquear a cidade, aínda que os ingleses si o lograrán en 1719.

Antes de avanzarmos. Coa expulsión dos xesuítas (1767) neste edificio houbo de todo: foi fábrica de tecidos dos ingleses Lees, foi a primeira escola de maxisterio para mulleres de Galiza e a primeira sede do Instituto Provincial, onde estudou o mozo Valle-Inclán. Será orfanato e en 1978 o Estado cédeoo ao Museo. Ah, e de aí ao lado sae o demo todos os agostos cando foxe do seu cativerio!

Avancemos á rúa Isabel II, alí espéranos o século XIX.



3. Imprenta de José y Primitivo Vilas. Rúa Isabel II, nº 4.

Nesta antiga rúa da Costiña estivo a primeira sede da imprenta de José e Primitivo Vilas, onde se imprimiu *A Gaita Gallega* (1853) do pontevedrés **Xoán Manuel Pintos**, que aquí tamén mandou imprimir as coplas de Perucho, que fora tan preguiceiro que non as imprimira el en vida. Pintos foi un precursor do **Rexurdimento** da literatura en galego. *A Gaita Gallega* inclúe unha tradución ao galego do poema “*Carmen patrio sirve Pontevedra*” do pontevedrés Hermenegildo Amoedo Carballo e unha foliada dedicada a Pontevedra que di así:

*“Se viras pola Caeira
Aparecer brancas velas
Cheas de vento!
Como a serpente à carreira
As bandeiras amarelas
Dar contento!*

*Repasar pola Penela
Enringle òs muelles chegar
Bordeando!
Os mouros loucos de vela
O combate començar
Avanzando!*

*Rebulir por esta ponte
Polo Burgo e no Peirao
Tanta gente!
E desde o cume do monte
Un mundo baixando ò Vao
Nunha enchente!”*

Aí describenos unha cidade buliciosa e viva, e é que desde 1833 Pontevedra é a capital da provincia, para desgusto de Vigo (xa citamos o altercado militar entre elas). Pontevedra é agora un pólo de atracción para burócratas, burguesía, profesionais e artesáns de todo tipo e a cidade vai mudando en consonancia.

Vaiamos á praza Méndez Núñez. Polo camiño recomendámosche ouvir un audio que adianta parte do que imos falar na seguinte parada [[aquí](#)].



4. Casa do Arco. Praza Méndez Núñez.

Esta casa é coñecida como a do Arco, pertenceu á familia Muruais, mais antes nela morrera o mariño Casto Méndez Núñez (1869), que dá hoxe nome á praza (no séc. XIX era a da Herba). A finais do séc. XIX e inicios do XX aquí houbo concorridos faladoiros e no andar baixo estaba a biblioteca de **Jesús Muruais**, con máis de 3 mil volumes, e coa colección máis grande de literatura francesa de Galiza. A ela acudía o mozo Valle-Inclán, que, por certo, escribiu un poema en galego, “Cantiga de vellas”, costumista-ruralista.

Quen nos trae aquí é o irmán de Jesús, **Andrés Muruais**, xornalista e axitador cultural, lembrado como un dos reinventores da figura do Urco. En galego escribiu pouco, mais destaca o poema “Himno a Galicia” co que gañou nos *Juegos Florales* de Pontevedra en 1880, o primeiro intento documentado de himno galego [[podes ouvílo aquí](#)].

Curmá dos Muruais era **Filomena Dato Muruais**. Pasou temporadas con eles nesta casa e levou un accésit nos *Juegos Florales* de Pontevedra de 1884, juegos que gañou en 1888. Feminista e galeguista, é a segunda escritora, despois de Rosalía, que publica un libro en galego, *Follatos* (1891), no cal dedica un poema a Pontevedra e outro a Lourizán. Polo camiño escoitaches o poema “Neve” dese libro, recitado pola canle de poesía *Trunfan versos*, na liña do romanticismo e o intimismo típico da época.

Entre curmáns ás veces pérdese o respecto e Jesús dedicou a Filomena estes versos:

*“Del primer libro que ha hecho / no puede haber dos lectores / que no exclamen
compungidos: ¡Ora pro nobis!”⁴*

Como posíbel resposta ao curmán, despedimos a parada cuns versos de Filomena:

*“Os que negan á muller | intelixencia e talento, | a millor contestación | cicais que
fose o desprecio. | De onde sacaron que as almas | teñen como os corpos sexo? |
Porque as pobres das mulleres | nunca tiveron enxeño | como os homes, que eran
tontas, | os homes tontos dixeron; | pois anque algúns que eran sabios | probar
quixesen o mesmo, | soio logran probar | que no humano entendemento | todo é
falible e que poden | os máis grandes teren erros.”⁵*

A finais do XIX xa non hai murallas nin torres arcebispais, o urbanismo modernízase, chega o ferrocarril e medran poboación e territorio, xa que pasan a formar parte do concello Verducido, Alba, Mourente e Salcedo. Supéranse os 20 mil habitantes.

Vaiamos agora á Imprenta Peón, na praza do Teucro, e avancemos no tempo.

4 Do libro *Semblanzas Galicianas* (1884).

5 Do poema “Defensa d’as mulleres”, do libro *Follatos : poesías gallegas* (1891).



5. Imprenta Peón. Praza do Teucro.

Nesta antiga praza do Pan, ou das Sementes, ou do Leite, estivo a Imprenta Peón, que pechou após 122 anos de historia. Nela imprimíronse a primeira edición de *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao⁶, obras de Celso Emilio Ferreiro e Fermín Bouza Brey, ou revistas como *Alborada*, integramente en galego, ou *Sonata Gallega*.

Cofundador de *Alborada* foi **Luís Amado Carballo**, que, a pesar de morrer aos 26 anos, é considerado pai do hilozoísmo, movemento poético que vestía a tradición de novas imaxes e ritmos, mesturando vangardismos e formas tradicionais, como as das coplas de Perucho e da poesía oral e como parece mostrar a portada do seu libro *Proel*. No seu segundo libro, *O Galo*, aparece o poema *Pontevedra (século XIX)*, que comeza así:

“No dondo colo do vento
quedouse a choiva durmida.
Lonxe as casas da cidade
baixan a beber na ría.
Dos beizos escoa a copra
Pontevedra é boa vila.”

A edición d'*O Galo* preparouna postumamente, en 1928, o seu amigo, e tamén cofundador da revista *Alborada*, **Xoán Vidal Martínez**, mestre e escritor que até 1936 era coñecido pola súa militancia nacionalista e cultural. Funda, por exemplo, as revistas *Hebe* e *Cristal*, esta co adolescente Xosé María Álvarez Blázquez. Só dura de 1932 a 1933, mais tivo impacto, como terían *Resol* en Compostela ou *Yunque* en Lugo. Nelas a poesía tiña moita presenza, participou boa parte do mundo literario galego e tiveron importantes colaboracións, como a de Federico García Lorca. Xoán, represaliado no 36, deixa a poesía e dedícase á educación. Máis prolífica será a irmá, **Aurora Vidal Martínez**, que colabora en revistas como *Vida Gallega* e *Sonata Gallega*. Varios libros seus imprímense aquí, como a obra teatral *Camino de Belén* (1946). Ao teatro vincula parte da súa vida, así, en 1949 é unha das promotoras do Teatro Experimental de Arte. Ao igual que o irmán, publica en galego e en castelán.

Amiga de Aurora foi **Herminia Fariña**, escritora bilingüe compostelá que residiu un tempo en Pontevedra. Varias obras súas saíron desta imprenta Peón, como a primeira, de poemas en castelán, *Cadencias* (1922), con capa de Castelao, e a segunda, *Seara* (1924), en galego. Foi unha das primeiras mulleres dramaturgas en galego. A súa poesía céntrase no sentimentalismo ruralista. En 1937, cando vivía co pai, militar, publicou unha apoloxía do bando golpista con poemas en galego e castelán. Avancemos moi pouco, até a entrada ao Teatro Principal.

6 Edición póstuma, 1953, de Galaxia.



6. Teatro Principal. Rúa Paio Gomes Charinho.

Nesta parada daremos algúns saltos no tempo. Retornemos un momento a Martín Sarmiento. El foi un dos que loitou sen éxito contra o derrubamento da igrexa de San Bartolomeu o Vello. Sobre ela construíronse a mediados do séc. XIX o Liceo Casino e o seu teatro, tan importante na cultura local. Nel, por exemplo, foi a primeira proxección cinematográfica (1897)⁷. Poucas décadas despois⁸ sería máis sala de cine que de teatro⁹.

En relación á poesía, destaca a entrega neste teatro dos premios do Certame Literario Musical¹⁰ para obras en galego organizado pola revista *O Galiciano* en 1886. O presidente do certame era Manuel Murguía e preséntanse 70 persoas, un éxito. **Enrique Labarta Pose** leva un premio co poema 'Canto a Pontevedra' que di cousas así:

*“Alá na tarde, cando o sol desmaia
e cos raios da lus a sombra loita:
cando lonxe... moi lonxe... alá na praia
o alalá malencólico se escoita (...)”*

Amado Carballo falounos de copras e agora topamos alalás, non esquezamos que o Día das Letras Galegas de 2025 se dedicou ás cantareiras e á poesía popular oral, que merece espazo neste paseo e que aparece tamén en diferentes autorías e en diversas formas. Relacionado con iso, **Casto Sampedro** no *Cancionero musical de Galicia* recolleu cantares de Pontevedra. Por desgraza, non anotou o nome de quen lle facilitaba os cantares, a non ser que fose home ou unha muller de clase alta. Deixou a maioría no anonimato. Moi a conto vén este cantar que recolleu Casto en Marcón e que ben lle puido cantar con retransca algunha desas anonimizadas mulleres:

*“Pasando por non sei onde,
encontrei non sei con quen,
díxome non sei que cousa,
non llo digas a ninguén”.*

A preocupación por atesourar o saber do pobo, o folk-lore, xa a vimos en Sarmiento e en Pintos. A eles súmase o boticario **Perfecto Feijoo**, que procuraba nas romarías música para o seu coro *Aires da Terra*, e que actuou neste teatro en 1908 engadindo por primeira vez voces femininas, con grande éxito. A técnica de recollida de Feijoo cóntanola Emilia Pardo Bazán:

7 Inaugurado en 1878, só para socios do Liceo Casino. En 1900 a primeira audición de fonógrafo con bucina.
8 A mediados do séc. XX, cando era propiedade de Dolores Vázquez.
9 En 1980 arrasouno un incendio e o Concello comprou as ruínas para reabrilo en 1987.
10 Dirixido por Rufino Rivera Losada, promotor do primeiro concurso de maíos de Pontevedra.

*“Para sorprender las canciones Feijóo se mezcla con la gente labriega, bromea con los rapaces y los petrucios, echa chicoleos a las rapazas, y, el día de la feria o de la romería, se lleva a toda esa tropa a la taberna (...)”.*¹¹

Por sorte, moito melloraron as técnicas de entrevista!

Outro evento que acontece neste teatro é en 1934, cando a nena **Pilar Bértola**¹², emigrada en Barcelona, recita aquí poemas en galego de Rosalía, Cabanillas ou Álvarez Limeses. En Barcelona era coñecida porque gañara un certame poético do Centro Cultural Galego e por ter recitado en varias veladas. Pilar morre de tifo pouco despois e fáiselle unha multitudinaria homenaxe na súa casa natal da Moureira e colócase unha placa, hoxe desaparecida, na rúa que aínda leva o seu nome.¹³

Esquecemos falar da cidade! Moi resumidamente, na primeira metade do séc. XX Pontevedra medra ao tempo que gaña dinamismo. Fúndanse, por exemplo, a Misión Biolóxica de Galicia e o Partido Galeguista. Isto rómpese co triunfo franquista. No ano 44 anexionábase o concello de Xeve, o que axuda ao incremento da poboación, que chega en 1950 a 51 mil habitantes.

Avancemos só un pouco, até as Gráficas Torres.

11 Pardo Bazán, Emilia: «La vida contemporánea». La ilustración artística, n.º 1.069 (28 de outubro de 1912), p. 702.

12 Artigo en [A Memoria das Mulleres](#)

13 O pai, Ricardo Bértola, presidiu a Juventud Socialista de Pontevedra e escribiu en galego.



7. Gráficas Torres. Rúa Don Filiberto.

Damos agora un novo salto no tempo: após o golpe de estado, a guerra e a terríbel represión, encontramos unha faísca de luz nos escuros anos 40 e 50 e un fito para a poesía galega, a creación en 1949 da **colección Benito Soto**, impresa aquí, na histórica Gráficas Torres. A iniciativa é do fillo do propietario da imprenta, o escritor e editor **Sabino Torres**, e dos poetas Emilio Álvarez Negreira e Manuel Cuña Novás. Na colección tamén colaborará **Celso Emilio Ferreiro**, que viviu en Pontevedra nove anos.

Da colección saíron 15 títulos en total, a maioría en galego. Destaca Fabulario novo (1952) de **Cuña Novás**, libro que se considera inaugural da Escola da Tebra, unha das correntes dominantes da poesía galega da posguerra e caracterizouse pola influencia da filosofía existencialista. A preocupación existencial é común a outros libros da colección, como os de Manuel María, Carvalho Calero ou Cunqueiro.

Como mencionamos, un dos fundadores foi Emilio Álvarez Negreira. Tirando do fío do seu apelido “Álvarez” encontramos un verdadeiro tesouro xenealóxico. Na parte alta da árbore familiar sitúanse os avós de Emilio: **Amalia** Limeses e a **Emilio** Álvarez Giménez, dramaturgo, político e o primeiro da saga en chegar a Pontevedra. O seu fillo **Xerardo Álvarez Limeses**, foi poeta e pai do escritor e político Xerardo, e de Amalia Álvarez Gallego, que será a compañeira de Alexandre Bóveda. Mesmo triste destino que Alexandre, asasinado polo franquismo, terá outro fillo de Amalia e Emilio, Darío, que foi xornalista, e pai de catro fillos relacionados coa literatura e Pontevedra, os Álvarez Blázquez: **Darío, Álvaro, Emilio, e Xosé María**. Este último casará con María Luísa Cáccamo. E aí nace unha saga artística: a dos Álvarez Cáccamo, ligada a Vigo. Unha das poucas familias que percorreu poeticamente cen anos e mereceu un libro [[este](#)].

Minisagas hai máis, xa faláramos antes dos irmáns Vidal, e poderíamos agora citar tamén a **Valentín Paz-Andrade**, e ao seu tío, o poeta Juan Bautista Andrade, que foi quen lle presentou a Castelao, que primeiro lle chamaba O Mozo nos faladoiros do Café Moderno, despois *Berbiquí*, pola súa teimosía, e finalmente *Inmortal*, tras sobrevivir á guerra de África e a varios atentados [[aquí podes ver unha fotografía dos dous](#)]. Valentín escribiu cinco libros de poesía en galego, o primeiro, *Pranto matricial*, de 1955, dedicado a **Castelao**. Este de poeta tiña pouco, como el mesmo escribiu:

“Somentes hai unha cousa que non sei que facer: versos. I-eso que cando escribo persíguenme as consoantes. E ademáis confeso que a poesía fuxe ó meu coñecemento...”¹⁴

Vamos ás ruínas de San Domingos. Polo camiño, podes escoitar [Pranto matricial](#), de Valentín.

14 No prólogo a “Antre dous séculos” (1934), de Xosé María Álvarez Blázquez.



8. Ruínas de San Domingos.

Editoras, imprentas, amizades, ideoloxías e familias son nexos que nos descubren moitos fíos dos que tirar para afondar na relación entre Pontevedra e a poesía. E agora sumamos outro posíbel nexo, cando o 24 de xullo de 1954 chegan de visita a Pontevedra 72 poetas que participan no Congreso Internacional de Poesía que se facía en Compostela. Foi o terceiro e último congreso, talvez porque se vía como unha ferramenta de propaganda do réxime para limpar a súa imaxe, a pesar de reunir poetas de todas as tendencias poéticas e políticas. Un asistente, o valenciano **Joan Fuster**, descríbeo como “unha estafa” e conta o encontro do grupo catalán co galego:

“Puidemos percibir unha poesía en galego moi interesante, e a existencia de todo un movemento cultural de moitas posibilidades. Están moi lonxe aínda de conseguir, non digo a normalidade, senón nin tan só a pista da normalidade. Mais van facendo, e xa cun sentimento bastante claro do que é un rexurdimento nacional...”¹⁵

Como narra o xornal “El Ideal Gallego” dese día:

“En la Plaza de España fueron recibidos por los poetas locales y diversas representaciones oficiales. A las dos de la tarde, en el Liceo Casino fueron obsequiados con un almuerzo, en cuyo acto los poetas locales leyeron varios poemas suyos. Después del almuerzo, los congresistas realizaron un recorrido poético y artístico por la ciudad. En el convento de San Francisco rindieron homenaje a don Payo Gómez Chariño (...) A las siete de la tarde, en las ruinas de Santo Domingo, se celebró un acto homenaje a los poetas de las Rías de los conciertos medievales (...)”

E logo, quen representarían a poesía local? [Nesta fotografía](#), tirada nestas ruínas, vemos na primeira a Aurora Vidal e Herminia Fariña. Vémolas de novo [nesta outra](#), xunto a Emilio Álvarez Negreira, Sabino Torres, Pura Vázquez, Manuel Cuña Novás, Filgueira Valverde ou Xosé María Álvarez Blázquez. Outro Xosé María, Castroviejo, compostelán namorado de Pontevedra, á que chamaba “cidade museo”¹⁶, organizou unha visita ás Cíes para o grupo e Joan Fuster conta que no barco de volta:

*“Castroviejo – xa decididamente embriagado– mandou enfiar a motora océano adiante. Castroviejo fíxoo cunha intención de miúra:
– Para que se jodan los poetas castellanos.
O mar estaba movido mais non moito. Abondo movido, con todo, para que un certo número de congresistas se marease horriblemente. Houbo escenas lamentables.”*

Foi esa outra razón para non repetir o congreso? Vaíamos á última parada. Polo camiño, recomendamos [este](#) cantar. Atendede ben a partir do minuto 10:40!

15 *Quadern VIII* (30-IV-1954 / 31-VII-1954). Tradución propia.

16 https://ilg.usc.gal/ditados/pdf_pages/pontevedra.pdf



9. Praza de San Xosé. Café Moderno.

O que escoitastes polo camiño foron as voces de Virtudes, Pura e Manuela, dunha aldea de Cuntis, gravadas por Dorothé Schubarth en 1984. Cantan elas:

“Asubía que vai vento / tamén eu asubiaba / cando era do teu tempo”

A canción “Asubía que vai vento” foi unha das que tocou ao piano **Federico García Lorca** nunha vivenda no mesmo edificio que o Café Moderno. E como Lorca sabía ese cantar? Era un verdadeiro musicólogo, á parte de escritor, e sabía centos de cancións de memoria. Esta é probable que a aprendese do lugués Jesús Bal y Gay cando coincidiron na Residencia de Estudiantes de Madrid. Outra vez a poesía oral popular que nos chega desde lugares insospeitados!

A relación de Lorca con Galiza é extensa e chegou a publicar *Seis poemas galegos* (1935). En Pontevedra estivo dúas veces en 1932, en agosto co teatro de La Barraca e en novembro para dar unha conferencia¹⁷. Nesta última estancia coñece a Xoán Vidal e a Álvarez Blázquez, e con eles vai visitar a redacción da revista *Cristal*, que estaba no soto do hoxe desaparecido hotel Méndez Núñez¹⁸. Pedíronlle un poema para a revista e levárono ao Café Moderno para que o escribise. Nese café xa escribira poesía Amado Carballo e fora o centro literario e artístico da cidade entre 1903 e 1936. Aquí houbo todo tipo de faladoiros e acolleu a maioría das figuras que mencionamos desta etapa, algúns deles representados no monumento que está no centro da praza, obra de César Lombera.

A relación de Pontevedra coa poesía en galego non desaparece nunca, mais desde os anos 50 até finais do século XX vemos como decae a súa presenza, tanto a nivel de autorías como de obras. Destaca que nos 70 comeza a publicar poesía o pontevedrés de adopción **Xosé Vázquez Pintor** e nos 80 encontramos a revista de creación literaria *Hidromel*, fundada por **Adolfo Caamaño**, que publica o seu primeiro poemario en 1999, data que abre unha nova etapa de esplendor poético en Pontevedra.

Cen anos despois da Xeración do 25, a de Amado Carballo ou Paz Andrade, encontramos en Pontevedra nomes asentados e recoñecibles como **Elvira Ribeiro**, **Carlos Solla**, **Lorena Conde**, **Isaac Xubín** ou **Tamara Andrés**. E vemos chegar novos nomes como os de **Azucena Arias**, **Alfredo Marques**, **Xanhe Redondo García**, **Marcus Daniel Cabada** ou **Diego Bará Louro**. As xeracións do século XXI ben merecen un paseo exclusivo que oxalá fagamos en breve! Mencionemos tamén festivais como o desaparecido *Ponte Poética* e o recente *Veñan as cinco* ou os recitais mensuais de micro aberto en diversos locais da cidade.

¹⁷ “María Blanchard, gloria y angustia de la pintura moderna”. No Coliseum, García Camba, 12.

¹⁸ Rúa Oliva 34.

Ficaron moitos nomes atrás, o tempo é breve! Para despedírmonos, rescatemos un, **Francisco Cortegoso**, que tivo a mala sorte de morrer aos 31 anos, con só 5 máis que Amado Carballo. Leremos un poema do seu primeiro libro “Memorial e danza” de 2013. Ao pé do poema deixou escrito, entre parénteses, “*proxecto escultural para o Malecón de Pontevedra, campo da feira*”, e di así

CAMELIA

queda

intacta

única carne

pregada

a si

peso

cor

anica

mais

permanece

sen remisión.

Escoita.

Caída.

Como unha froita, sen se repregar. Extensa.

Vitoria. Inverno.

Sen máis, oxalá teñades desfrutado do paseo tanto como nós facéndoos. Moitas grazas pola vosa atención, e que viva a poesía!



**Concello
de Pontevedra**